<p>SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.</p> <p>SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico, sempre que poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación.</p> <p>SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible (datos persoais, formación, gustos, intereses e expectativas ou plans de futuro), sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</p> <p>SLEB1.4. Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes e centros docentes), ou menos habituais pero referidas a necesidades inmediatas en situacións de comunicación comúns se pode pedir confirmación dalgúns detalles.</p> <p>SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal e sinxela na que participa, explicacións ou xustificacións básicas de puntos de vista e opinións, sobre</p>	<p>SLEB1.1.</p> <p>SLEB1.2.</p> <p>SLEB1.3.</p> <p>SLEB1.4.</p> <p>SLEB1.5.</p> <p>SLEB1.6</p>	<p>O peso global do Bloque 1 será do 15% da nota na avaliación da competencia Lingüística.</p>	<p>De xeito continuado durante todo o curso, xa que no proceso de ensino/aprendizaxe dunha lingua non se poden desvincular e temporalizar ailladamente o traballo dos distintos bloques.</p>	<p>Actividades variadas de escoita e interacción a partir de diferentes inputs:</p> <p>Actividades de repetición de modelos.</p> <p>Actividades de escoita activa de modelos emitidos dende diferentes soportes, relativos ó comportamento na aula.</p> <p>Actividades de escoita activa de modelos emitidos dende diferentes soportes, referidos ás interaccións reais en lingua meta.</p> <p>Actividades de comprensión global e fina, a través do contexto non verbal, dos coñecementos previos, das inferencias con outras linguas coñecidas e da situación.</p> <p>Actividades moi básicas de discriminación de intencións a través da entonación.</p> <p>Exercizos para a formulación e verificación de hipótesis.</p> <p>Actividades de escoita selectiva ou vaga: resumo xeral, localización de informacións relevantes</p>

<p>diversos asuntos de interese persoal, cotiáns ou menos habituais, articulados de maneira clara, así como a formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas como a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade, se a persoa interlocutora está disposta repetir ou reformular o dito.</p> <p>SLEB1.6. Identifica, con apoio visual, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional, e os aspectos máis significativos de noticias de televisión claramente articuladas, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturados e articulados con claridade, nunha variedade estándar da lingua e cando as imaxes faciliten a comprensión.</p>				
Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción				
Estándares de aprendizaxe	Mínimos esix./ Bás.	Peso na cualificación	Temporalización	Procedementos e Instrumentos de avaliación
<p>SLEB2.1. Participa activamente en intercambios comunicativos na aula, utilizando a maioría das veces a lingua estranxeira, producindo mensaxes adecuadas ás situacións de comunicación reais ou simuladas, e colaborando para entender e facerse entender.</p> <p>SLEB2.2. Fai presentacións breves, con certa fluidez, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media.</p> <p>SLEB2.3. Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns ou menos habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula</p>	<p>SLEB2.1. SLEB2.3 SLEB2.5.</p>	<p>O peso global do Bloque 2 será do 15 % da nota na avaliación da competencia Lingüística.</p>	<p>De xeito continuado durante todo o curso, xa que no proceso de ensino/aprendizaxe dunha lingua non se poden desvincular e temporalizar ailladamente o traballo dos distintos bloques.</p>	<p><u>Actividades de produción:</u></p> <p>Actividades de escoita activa de modelos emitidos dende diferentes soportes, relativos ó comportamento na aula.</p> <p>Actividades de escoita activa de modelos emitidos dende diferentes soportes, referentes ás interaccións reais en lingua meta.</p> <p>Participación en diálogos, simulacións e xogos de rol.</p> <p>Actividades de comprensión/expresión global e fina, a través do contexto non verbal, dos coñecementos previos e da situación.</p> <p>Actividades sobre xestualidade e</p>

<p>hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade.</p> <p>SLEB2.4. Desenvólvese adecuadamente e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas e xestos apropiados para facerse entender, en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto.</p> <p>SLEB2.5. Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, as súas opinións e os seus plans.</p>				linguaxe non verbal.
--	--	--	--	----------------------

Bloque 3: Comprensión de textos escritos

Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles / Básicos	Peso na cualificación	Temporalización	Procedementos e Instrumentos de avaliación
<p>SLEB3.1. Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos do xénero informativo, en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; recoñece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, adecuados ao seu nivel escolar, sempre que poida reler as seccións difíciles.</p> <p>SLEB3.2. Entende o sentido xeral, os puntos principais e información</p>	<p>SLEB3.2 SLEB3.4. SLEB3.5. SLEB3.6. SLEB3.7.</p>	<p>O peso global do Bloque 3 será do 25% da nota na avaliación da competencia Lingüística.</p>	<p>De xeito continuado durante todo o curso, xa que no proceso de ensino/aprendizaxe dunha lingua non se poden desvincular e temporalizar</p>	<p>Actividades de comprensión escrita e reutilización da información: paráfrase, transformación, reformulación, etc.</p>

<p>relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, educativo ou ocupacional (organización de grupos de traballo, información sobre actividades de formación específicas, etc.).</p> <p>SLEB3.3. Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural).</p> <p>SLEB3.4. Identifica en lecturas adaptadas as liñas xerais do argumento, o carácter dos personaxes e as súas relacións, e as características do lugar e o tempo en que se desenvolven.</p> <p>SLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos; nas que se narran feitos e experiencias, reais ou imaxinarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.</p> <p>SLEB3.6. Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional como para poder reaccionar en consecuencia (por exemplo, se se lle solicitan documentos para unha estada de estudos no estranxeiro).</p> <p>SLEB3.7. Entende información específica importante en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta (glosarios, dicionarios, enciclopedias e revistas) claramente estruturados, que conteñan mapas, fotografías, imaxes, vídeos ou animacións que axuden á comprensión sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses.</p>			<p>ailladamente o traballo dos distintos bloques.</p>	
Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción				
Estándares de aprendizaxe	Mínimos	Peso na	Temporalización	Procedementos e Instrumentos de

	esixi-bles / Básicos	cualificación		avaliación
<p>SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra, de xeito lineal e coherente, feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles.</p> <p>SLEB4.2. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.), cunha finalidade específica, como solicitar unha bolsa.</p> <p>SLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes, respectando as convencións e as normas de cortesía, tamén nas redes sociais.</p> <p>SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, respectando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada do texto.</p> <p>SLEB4.5. Escribe, nun formato convencional, informes expositivos breves e sinxelos, atendendo á súa estrutura básica e particularidades sintáctico-discursivas elementais, nos que dá información esencial sobre un tema educativo, ocupacional ou menos habitual, describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións.</p>	<p>SLEB4.1.</p> <p>SLEB4.2.</p> <p>SLEB4.3.</p> <p>SLEB4.5.</p>	<p>O peso global do Bloque 4 será do 25% da nota na avaliación da competencia Lingüística.</p>	<p>De xeito continuado durante todo o curso, xa que no proceso de ensino/aprendizaxe dunha lingua non se poden desvincular e temporalizar ailladamente o traballo dos distintos bloques.</p>	<p>Actividades de expresión escrita: frases sinxelas, textos adaptados en cohesión e coherencia ás situacións/contextos dados.</p> <p>Actividade de toma de decisións a partir dun imput determinado.</p>
Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural				
Estándares de aprendizaxe	Mínimos esix/ Bási.	Peso na cualificación	Temporalización	Procedementos e Instrumentos de avaliación

<p>SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p> <p>SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito, e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir, adecuando a súa produción ás convencións sociolingüísticas da lingua meta.</p> <p>SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p> <p>SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, organizar unha tarefa, etc.), utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar, suficientes para comunicar con eficacia.</p>	<p>SLEB5.1.</p> <p>SLEB5.2</p> <p>SLEB5.3.</p> <p>SLEB5.5.</p>	<p>O peso global do Bloque 5 será do 10% da nota na avaliación da competencia Lingüística (computa nos bloques 3 e 4)</p>	<p>De xeito continuado durante todo o curso, xa que no proceso de ensino/aprendizaxe dunha lingua non se poden desvincular e temporalizar ailladamente o traballo dos distintos bloques.</p>	<p>Actividades para a aprendizaxe da fonética: asociación sons-grafía.</p> <p>Actividades para a aprendizaxe da fonética: asociación sons-grafía.</p> <p>Actividades para a aprendizaxe e o recoñecemento do vocabulario de xeito oral.</p> <p>Actividades para a aprendizaxe e o recoñecemento dos diferentes contidos nocional funcionais:</p> <p>Actividades para a aprendizaxe e o recoñecemento dos diferentes contidos nocional funcionais:</p> <p>Actividades vinculadas coas 4 destrezas.</p>
---	--	---	--	---

XI.PROCEDEMENTOS, INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO NO BACH.

Competencias	Porcentaxe	Instrumento
Competencia Lingüística	<p style="text-align: center;">85%</p> <p>Bloque 1: 15 % Bloque 2: 15 % Bloque 3: 15 % Bloque 4. 40 % (Neste bloque o 15% corresponderá á expresión escrita-redacción e o 25% a gramática e vocabulario) (Os estándares relativos ó bloque 5, son avaliados cos dos bloques 1,2,3 e 4)</p>	-Probas obxectivas vencelladas ás diferentes destrezas lingüísticas.(1)
Comp. Conc. e Expre. Cultur.	<p style="text-align: center;">5%</p> <p>Amosa interese e valoración da lingua e cultura. (Estándares específicos do perfil competencial)</p>	- Rúbricas para a realización de traballos relacionados coa cultura e civilización francófonas - Preguntas específicas na diferentes probas realizadas
Competencia Dixital	<p style="text-align: center;">5%</p> <p>Obtén información en Internet para a resolución de tarefas . Reformula a información obtida nos diferentes formatos solicitados (Estándares específicos do perfil competencial)</p>	-Observación da participación nas tarefas da aula virtual, realización dos traballos propostos para a casa. -Rexistro
Competencia para Aprender a Aprender +Competencia Social e Cívica +Competencia de Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor	<p style="text-align: center;">5%</p> <p>Trae o material. Planifica, organiza e revisa as súas tarefas. Entrega proxectos e actividades en prazo Reflexiona sobre o seu proceso de aprendizaxe Favorece o ambiente de traballo respectando aos compañeiros e á docente. Participa con interese tanto nas tarefas individuais, de parella ou grupo, asumindo responsabilidades e facilitando o traballo do grupo/clase Realiza as súas tarefas de maneira autónoma, formulando hipóteses, amosando dificultades, buscando e aportando solucións</p>	- Observación da docente. - Rexistro diario (2)

	(Estándares específicos do perfil competencial)	
--	---	--

- (1) O alumno ou a alumna que sexa sorprendido/a copiando durante de algunha destas probas, do xeito que sexa, será privado/a da realización da mesma, polo que a nota será de 0 em dita proba sen posibilidade de repetición da mesma

- (2) Avalíanse as competencias **CAA, CSIEE e CSC** de xeito conxunto. Puntuase a nota global correspondente, se non hai consignados nos cadernos de observación das docentes incidencias de falta de material, falta de traballo na aula ou mal comportamento. **Cada negativo ou falta nestas competencias, restará un 10% na súa calificación.**

En aras de fomentar a responsabilidade persoal, así como as **Competencias de aprender a aprender** e a **Competencia en iniciativa e espírito emprendedor**, non se aceptarán entregas de exercizos/traballos fóra de prazo. Tampouco se realizarán exames en datas diferentes ás da convocatoria oficial, agás en casos excepcionais, e previa xustificación.

- Os alumnos e as alumnas do Bacharelato lerán un libro en francés durante o curso a escoller pola docente. A lectura do libro se fará ao longo do curso, e durante cada trimestre será avaliado nos apartados de Expresión escrita e de Expresión oral.

- Non se farán probas específicas de recuperación das avaliacións suspensas, xa que se trata dunha materia progresiva, de avaliación continua. Cada avaliación terá un peso específico no cálculo da nota final e será como sigue: a **1ª** avaliación pesará un **20%** na nota final, a **2ª** avaliación un **30%**, e a **3ª** avaliación un **50%**. Deste xeito, o alumno que acade un **5** na ponderación das tres avaliacións, terá a materia de **Francés Lingua Estranxeira** superada.

- Aqueles alumnos e alumnas que non cheguen á nota mínima de 5 na ponderación das tres avaliacións, terán que facer unha proba de recuperación que se preparará entre as semanas que van da 3ª avaliación á avaliación ordinaria. Nesa proba se avaliarán catro destrezas lingüísticas coa seguinte puntuación:

Comprensión oral 15% Comprensión escrita 15% Expresión escrita (redacción) 20% Gramática e vocabulario 50%

sendo o aprobado unha nota mínima de **5 / 10**.

- Aqueles alumnos e alumnas que cheguen á nota mínima de 5 na ponderación das tres avaliacións, entre as semanas que van da 3ª avaliación á avaliación ordinaria farán actividades de reforzo e ampliación de lingua e cultura, á proposta da docente, segundo os intereses e necesidades do alumnado.

XII. ACREDITACIÓN DOS COÑECEMENTOS PREVIOS NECESARIOS, NO CASO DO BACHARELATO

O alumnado que solicite á dirección do centro cambio de modalidade en calquera dos dous cursos de bacharelato, ou o que solicite incorporarse á materia de 2º lingua estranxeira francés sen tela cursado en 1º Bacharelato:

1.- indicará os seus coñecementos de francés e presentará, de ser o caso, certificados que indiquen o seu nivel de partida (ESO, Alianza Francesa, DELF/DALF) ou similar se os tivera;

2.- efectuará “exame de nivel” (comprensión e expresión escrita e comprensión oral) durante as dúas primeiras semanas do curso.

Unha vez coñecido o seu nivel e detectadas as súas destrezas e carencias na lingua obxecto de estudo, o departamento facilitaralle un plan de traballo com expresión dos contidos mínimos esixibles e das actividades recomendadas, indicando o prazo de entrega das actividades obrigatorias requiridas, de ser o caso.

Non se admiten entregas fóra de data.

Indicarase, igualmente, modo de solicitar axudas para a resolución de dúbidas.

O alumnado, segundo o calendario oficial de exames de pendentes deseñado dende Xefatura de Estudos, poderase presentar á convocatoria para a superación da área suspensa :

1.- Establécese **unha única proba escrita puntuable sobre 8,5 /10**, que inclúe actividades vinculadas ás diferentes destrezas comunicativas: **Expresión escrita (e contidos sintáctico-discursivos): 5,5 puntos, comprensión oral: 1,5 puntos e comprensión escrita: 1,5 puntos.**

2.-As actividades de entrega obrigatoria indicadas no “Plan de seguimento da materia pendente” puntúan o **1,5 / 10** restante, sempre que foran entregadas en prazo e valoradas positivamente pola docente encargada do seguimento.

Darase por superada a proba cando o estudante teña, como mínimo un **4,25 / 8,5**, e que na parte correspondente á expresión escrita sumara **3 / 5,5**. Con menos cualificación na parte específica de expresión escrita, a materia estará suspensa

Darase a materia por superada cando se acade un **5 / 10** como nota mínima na suma das dúas partes (actividades + examen)

É obrigatorio presentarse ao examen da materia pendente e tela aprobada para que poida ser avaliada positivamente a do superior.

XIII. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Para avaliar ó alumno temos en conta que se trata dun proceso continuo e progresivo. Realízase avaliación inicial, formativa e formadora e final. A lingua empregada é a meta, agás cando sexa precisa unha reflexión e expresión de contidos / dificultades e que o alumnado no sexa quen de expresarse nesta lingua.

Variados son os procedementos que empregamos nas aulas. Adáptanse ás características do grupo, á ratio de estudantes por curso, así como as condicións temporais e de espazo.

<p>Avaliación inicial: saber cales son os coñecementos previos dos estudantes ao comezo do curso, antes das unidades ou antes de levar a cabo actividades novidosas.</p>	<p>Procedementos: Obsérvanse, favorécense situacións de interacción na aula (monólogo e diálogo) e propóñense textos ou imput de diferente natureza, que favorezan a comprensión escrita e a expresión escritas. Pódese cualificar con nota numérica ou ben indicar ó alumnado o tipo de erros que comete, para que os corrixa de forma persoal, antes de ser novamente corrixidos e puntuados polo docente. Non computa na nota do ano, pois é meramente diagnóstica.</p> <p>No caso particular de alumnado que se incorpora á materia de Segunda Lingua Estranxeira, sen ter cursado a do(s) curso(s) inmediatamente inferior(es), por exemplo alumnado de 2º de Bac que realizan cambio de modalidade, levarase a cabo un “Exame de nivel”, ao inicio do curso. Permite determinar o punto de partida, así como establecer mellores axudas de seguimento.</p>
<p>Avaliación formativa- formadora: Ó longo do curso, nos diferentes momentos do desenvolvemento das unidades obsérvase, interactúase cos discentes, recóllense datos que axuden á coñecer como vai o proceso de ensino / aprendizaxe, que dificultades xurden e con qué mecanismos pode intentar solventalas e os resultados dos mesmos. Ofrécense actividades de reforzo / recuperación e consígnanse as entregas</p>	<p>Realízanse actividades que teñen en conta os 5 bloques de contidos propostos pola legislación vixente, nun amplo abano de variantes.</p> <p>As técnicas e instrumentos de avaliación propostos son múltiples e variados. De modo non exhaustivo:</p> <ul style="list-style-type: none">- Probas e ou exames sobre as 4 destrezas básicas (a saber ler – comprensión escrita-, escoitar – comprensión oral-, falar e conversar –expresión oral- e escribir –comprensión escrita), así como coñecementos da lingua e conciencia intercultural e plurilingüe. Poden consistir en tradicionais exames nociónais-funcionais, redaccións; lecturas en diferentes soportes con preguntas de natureza diversa; búsquedas de tesouros ou pescudas na rede; elaboración de presentacións en power point ou similar, simulacións ou dramatizacións, xogos de rol, escoitas da televisión, Internet ou cd, etc. Avaliarase a destreza en interactuar e mediar mediante o emprego voluntario da lingua meta na aula, por parte dos discentes.-Traballos con portfolios ou e-portafolios do alumno.

<p>feitas polos alumnos. En caso de “deixadez” ou “pasotismo” dos dispenses, a docente consignará que se lle ofreceron axudas, pero que non conlevaron unha resposta positiva por parte do alumno.</p> <p>Os alumnos coñecerán por adiantado os criterios de corrección das diferentes probas, co fin de que sexan capaces de auto-corrixirse, para extraer conclusións, e de autoavaliarse, apendendo a ter cada vez máis autonomía. Nesta liña, nos diferentes moemtnos, o estudante ten a súa parte de responsabilidade, polo que se habilitan procedementos para a homoavaliación e a coavaliación entre iguais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Observación sistemática, anecdotario ou rexistro do traballo diario da aula: O/a alumno/a será avaliado/a dende a perspectiva da súa asistencia, do seu traballo diario na clase (oral e/ou escrito) da súa participación e interese nas actividades nela propostas - Seguimento dos deberes realizados no caderno de traballo, supervisado a diario ou ao longo da avaliación, según indicación do docente. - Lecturas de obras voluntarias (se as houber) e traballo de reformulación do texto escrito: resumo, argumentación, respostas múltiples, etc. - Realización de actividades coas Tic, lectura. (correos electrónicos, blogs, podcasts, gravacións de vídeo e son etc). <p>(Para ter máis datos, cómpre remitirse ós apartados correspondentes que indican, polo miúdo, os tipos de actividades de avaliación, recuperación e reforzo</p>
<p>Avaliación sumativa (de avaliación ou final).</p>	<p>A avaliación final constitúe a ponderación das diferentes avaliacións, segundo o tanto por cento establecido no apartado “CRITERIOS, INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO”.</p>

A materia de segunda lingua estranxeira é progresiva. A efectos de programación o **aprobado é 5/10**.

XIV. METODOLOXÍA

A metodoloxía didáctica será activa e participativa, favorecendo o traballo individual e a cooperación do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes. Estará orientada á acción, é dicir, a desenvolver no alumnado a capacidade de integrar e de pór en xogo as actitudes, os coñecementos e as destrezas que lle permitan comunicarse en situacións específicas no mundo real.

Aspectos xerais

Partir da competencia inicial do alumnado.

Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe.

Potenciar as metodoloxías activas e participativas:

Combinar traballo individual, en parella e grupo.

Aprendizaxe, eminentemente práctico, que desenvolva todas as destrezas lingüísticas.

Papel activo do alumnado e papel facilitador do profesor/a.

Estratexias metodolóxicas

Como consideramos que a progresión en FLE é en espiral, estas actividades serán de diversa índole:

- iniciais ou de coñecementos previos,
- de sistematización,
- de ampliación de contidos estudados,
- de consolidación de contidos anteriormente explicados,
- de reformulación: variacións sobre o estudado,
- de avaliación,
- de recuperación.

Entre elas, podemos atopar:

- Definición e exposicións das tarefas a realizar.
- Actividades en parellas, pequeno grupo o grupo clase de mobilización de ideas previas. Toma de decisións en grupo.
- Lectura e análise de documentos, textos, prensa, etc.
- Elaboración de sínteses, resumos.
- Escoita activa.
- Actividades de expresión oral e escrita; interacción na aula.

- Búsqueda de solucións, resolución de problemas, retos, proxectos.
- Outras

Exemplo de secuenciación de traballo na aula

- Motivación:
- A partir dun input de natureza diferente, actividade de mobilización de ideas previas.
- Información do profesor/a:
- Información básica para todo o alumnado.-<
- Información complementaria para reforzo e apoio, tanto en pequeno grupo, como apoios individuais.
- Información complementaria para afondamento e ampliación.
- Traballo do estudante, de maneira individual ou en pequeno grupo:
- Reflexión sobre ideas previas. Posta en común.
- Búsqueda eficaz de hipóteses para mobilizar novas aprendizaxes.
- escoita activa. Interacción con fontes orais de información.
- Lectura e comprensión de textos en diferentes soportes e formatos.
- Formulación de dúbidas e verificación de hipóteses. Resolución de problemas.
- Análise de documentos, pequenas investigacións, etc.
- Organización da información. Actividades estruturais, dirixidas ou semidirixidas de expresión oral e/ou escrita.
- Interacción cos compañeiros. Actitude participativa e colaboradora nos traballos cooperativos. Mediación en caso de pequenos conflitos á hora de traballar en equipo.

Avaliación:

- Exames tipo test ou pregunta-resposta breve, en formato tradicional.
- Actividades vinculadas coas diferentes destrezas: Écoute, Parle, Lis et comprends, Écris,
- Exposicións orais,
- Observación do traballo activo na aula: participación activa. Boa actitude individual e no grupo cooperativo
- Outros: rúbricas, cuestionarios. Etc.
- Outras decisións metodolóxicas
- Agrupamentos: segundo as tarefas propostas: actividades en grupo-clase, traballos individuais, en parella ou pequeno grupo heteroxéneo.

- Empleo de metodoloxías activas nas que o alumnado sexa o centro da aprendizaxe; nas que se propicie un clima de confianza e de interacción: profesor-alumno/a, alumno-alumno, alumno-alumnos (pequeno grupo, grupo clase) e permitan a negociación dos contidos que se van desenvolver.
- Traballo con TICs, e outros materiais á nosa disposición.

XV. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Libros de texto ESO

- 1º ESO: ***Jeu de Mots Plus 1- A1***, livre de l'élève. Editorial Vicens Vives, ISBN 978-84-682-8454-5;
Jeu de Mots plus 1 A1, cahier d'exercices editorial Vicens Vives, ISBN 978-84-682-8450-7
- 2º ESO: ***Parachute 2, Livre de l'élève***, editorial Santillana, ISBN 978-84-9049-089-1
Parachute 2, Cahier d'exercices, editorial Santillana, ISBN 978-84-9049-095-2
- 3º ESO: ***Jeu de Mots Plus 3- A2***, livre de l'élève. Editorial Vicens Vives, ISBN 978-84-682-8456-9;
Jeu de Mots plus 3 A2, cahier d'exercices editorial Vicens Vives, ISBN 978-84-682-8450-7
- 4º ESO: ***Parachute 4, Livre de l'élève***, editorial Santillana, ISBN 978-84-9049-187-4
Parachute 4, Cahier d'exercices, editorial Santillana, ISBN 978-84-9049-215-4

- Libros de texto Bachillerato

- 1º BAC: ***Nouvelle génération tout en un A2-B1***, Livre de l'élève et Cahier d'exercices editorial Santillana, ISBN 9788490494752.
- 2º BAC : ***Nouvelle génération tout en un B1***, Livre de l'élève et Cahier d'exercices, editorial Santillana, ISBN 9788490494769.

- Libros de lectura:

- 1º ESO: lecturas adaptadas nivel A1, durante as sesión da ***Hora de ler*** e no período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación ordinaria. As docentes poderán facer sesións de lectura durante os períodos lectivos cando sexa pertinente e así o consideren.
- 2º ESO: ***Astérix e a volta á Galia***. A lectura se fará en cada un dos tres grupos nun trimestre diferente. As docentes poderán facer sesións de lectura durante os períodos lectivos cando sexa pertinente e así o consideren, propoñendo aos alumn@s , tamén, lecturas adaptadas do nivel A1
- 3º ESO: Unha lectura adaptada de nivel A2
- 4º ESO: Poemario de **Jacques Prévert** et **Raymond Queneau**; ***Les fables*** de **La Fontaine**

- **1º BAC:** lectura adaptada nivel A2-B1

- **2ºBAC:** lectura adaptada nivel B1

- Diccionario recomendado para todos os cursos

Larousse (Español-Francés / Français-Espagnol) ou similar.

- Outros recursos didácticos:

Caderno persoal (para apuntes, exercicios, etc..) **O alumnado deberá conservar a libreta, así como as fotocopias e os traballos corrixidos ata o remate do período de reclamación**

Biblioteca (para lecturas, películas, dicionarios, manuais de gramática, libros de exercicios, etc.)

Internet e outros recursos dixitais .

Teléfonos móbiles (para grabacions de vídeo)

Aula virtual, como repositorio de documentos, realización de tarefas e probas.

Libros e cadernos de exercicios dixitais das editoriais

XVI. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Actividades de recuperación e reforzo.

Nunha perspectiva de pedagogía diferenciada que teña en conta a diversidade do alumnado no nivel de coñecementos e de ritmos diferentes de aprendizaxe, teremos especial coidado dentro das posibilidades horarias de que cada alumno acade os obxectivos fixados repasando ou reforzando os contidos e as capacidades.

A recuperación daquel alumnado con dificultades na progresión realizarase de forma inmediata na aula mediante exercicios complementarios individualizados de recapitulación e aplicación de distintas estratexias axeitadas ás dificultades que os alumnos presenten (comprensión/expresión escrita/oral, aspectos gramaticais, etc.)

Os propios manuais poden ser fonte de actividades de ampliación e reforzo para consolidar de forma lúdica a linguaxe e as estruturas adquiridas.

No caso de alumnos avanzados, poderaselles propor actividades para ampliar coñecementos ou lecturas de un grao de dificultade maior.

XVII. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE

No caso de alumnos que teñan francés pendente do curso anterior, a Xefatura de Departamento elabora un plan de traballo específico.

Plan de traballo

A Xefa de Departamento porase en contacto co alumnado suspenso para explicarlles o plan de acción. Entregaralle aos alumnos un boletín de actividades que deberán presentar nas datas previamente comunicadas. A Xefa de departamento comunicaralles un horario semanal de atención ao alumnado pendente para a resolución das posibles dúbidas que poidan xurdir. **A entrega do boletín se valorará nun 20% (2 puntos) da nota da calificación final, en función do grao de corrección das actividades entregadas. NON SE ADMITIRÁN ENTREGAS FORA DE PLAZO**

No mes de maio terá lugar unha proba que versará sobre gramática e vocabulario, comprensión oral e comprensión escrita

Os valores de cada destreza na nota son:

Comprensión oral: 10 % ; Comprensión escrita: 10 % ; Gramática e vocabulario: 60

O aprobado se establecerá a partir da calificación de 5 / 10. Terase en conta a suma das notas do boletín de actividades de recuperación e a nota do examen. Para poder facer media das dúas partes, o alumno terá que acadar un 3 / 6 como nota mínima na parte de gramática e vocabulario do examen do mes de maio

XVIII. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Como actividades complementarias neste curso académico se contemplan as seguintes:

- Participación no programa de **GALIMIENS**. Enviarase a solicitude para que o noso alumnado de 3º e 4º da ESO participe no programa de intercambio escolar con Francia organizado pola **Consellería de Educación da Xunta de Galicia**.

- Participación no programa de Intercambio coa rexión de Bretaña. Enviarase a solicitude para que o noso alumnado de 3º e 4º da ESO participe no programa de intercambio escolar con Francia organizado pola **Consellería de Educación da Xunta de Galicia**.

- Participación no programa **EDUlingüe2030** para a acreditación do alumnado en linguas estranxeiras, solicitando a presentación do alumnado de 4º de ESO e 1º

e 2º de bacharelato ás probas do DELF Scolaire nivel B1 organizadas pola Alianza francesa

- Seguirase coa actividade de intercambio epistolar co centro francés da localidade de Toulon iniciado o curso pasado.

- Asistencia a dúas obras de teatro para os diferentes niveis:

* *Le petit prince* para 2º ESO

* *Lupin* para 3º e 4º ESO 1º e 2º de Bacharelato

- Celebración de festividades específicas da cultura francesa, distribuídas como siguen ao longo do curso:

1ª avaliación : *La Sainte Catherine* para 1º e 2º ESO, onde se fará un concurso de chapeos elaborados polos alumnos e alumnas coas cores verde e amerala.

* *Contacontos en francés* (podería posposrse á 2ª ou 3ª avaliación, en función da dispoñibilidade do contacontos)

2ª avaliación: *La Chandeleur* para todos os niveis da ESO e Bacharelato, onde proporemos a degustación das crêpes típicas do 2 de febreiro. Para esta actividade se contemplan varias posibilidades:

- elaboración das crêpes na casa e degustación todos xuntos na aula;

- contratación dos servicios da *Foodtrack La Marinière*, que viría ao noso centro para a elaboración in situ das crêpes para o noso alumnado. Se faría unha breve presentación en francés da rexión de Bretaña, rexión orixinaria das crêpes, así como da receita das mesmas;

- saída á *Crêperie Bretonne*, sita na rúa de Urzaiz de Vigo, que ten como especialidade as crêpes. Antes da degustación, tamén se faría unha explicación en francés da receita.

* *La Francophonie* para todos os niveis da Eso e do Bacharelato. Se realizarán diferentes actividades culturais para poñer en valor a extensión e importancia da lingua francesa a través dos cinco continentes.

3ª avaliación: *Poisson d'avril*, día das bromas onde se admiten bromas inocentes e se sinala aos máis inxenuos colgándolles un peixiño de papel nas costas.

XIX. REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS E PROCESOS DE MELLORA

O profesorado do departamento ten asignada unha hora de reunión semanal, durante a que se procederá a:

- facer un seguimento do alumnado de cada curso e avaliar o grao de consecución dos estándares de aprendizaxe e dos contidos programados para cada unidade .
- levar a cabo un seguimento do programa de recuperación da materia pendente.
- expor e analizar calquera dificultade atopada durante o traballo na aula.

Ao final de cada trimestre, cada profesor elaborará un informe cos resultados da avaliación por grupos e niveis, no que se reflectirán ademais os contidos e estándares de aprendizaxes non acadados e as razóns dese desaxuste.

Se houbera acordos para reformar a programación inicial, estes deberán ser recollidos pola xefa de departamento nunha acta de reunión e reflectidos na memoria ao final do curso.

A actividade docente oblianos a tomar decisións respecto de cada un dos apartados que debe ter unha programación de aula: os obxectivos didácticos da materia, os contidos, as actividades que consideramos mais adecuadas para conseguir os obxectivos propostos, as estratexias e os recursos (suficientes e variados) que resulten máis adecuados aos obxectivos e ao grupo onde van ser aplicados.

Así mesmo, tamén resulta imprescindible concretar os criterios, procedementos, instrumentos e técnicas de avaliación mediante os que imos comprobar que os alumnos aprenden á vez que desenvolven as habilidades e capacidades que corresponden á súa idade e ao seu nivel.

Resulta importante tamén prever as condicións de tempo para garantir que os alumnos logren as aprendizaxes requeridas de forma eficaz.

Unha vez establecidas estas premisas, as decisións que cada profesor/a toma ao preparar as súas clases deben ter sempre como referencia a programación didáctica da súa materia.

Para proceder á avaliación de dita programación, pensamos que os indicadores seguintes poderían ser de utilidade si reflexionamos sobre cada un deles, os valoramos e, en caso de valoración negativa, facemos unha proposta de mellora.

- Formulamos claramente os obxectivos didácticos que teñen que conseguirse coa nosa intervención educativa e que os nosos alumnos teñen que acadar.
- Seleccionamos e secuenciamos os contidos tendo en conta a progresión e a adecuación aos nosos grupos de alumnos/as .
- Adoptamos estratexias e programamos actividades en función dos obxectivos didácticos, e en función dos distintos tipos de contidos.

- Planificamos as clases de modo flexible, con actividades e recursos (persoais, materiais, de tempo, de agrupamentos) axustados á programación didáctica.
- Establecemos de modo explícito os criterios, os procedementos e instrumentos de avaliación que permiten facer o seguemento do progreso do alumnado e comprobar o grao no que acadan a aprendizaxe.
- A nosa programación ten en conta o libro de texto elixido para ser utilizado ao longo do curso.
- En caso de que veña un profesor suplente, atopará suficiente información na programación (obxectivos, competencias, metodoloxía, temporalización , criterios de avaliación, actividades complementarias, medidas de atención á diversidade, recursos)
- Lévanse a cabo suficientes reunións de departamento para avaliar a nosa progresión na materia e a nosa propia programación didáctica. Estas reunións sirven para reorientar a aplicación da programación na aula.
- Por último, ao final do proceso, unha vez levada a cabo a aplicación real da programación e cando xa temos unha perspectiva máis completa gracias aos resultados da avaliación do alumnado, temos en conta a avaliación da programación no curso seguinte e incluímos as modificacións necesarias.

XX. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

Para proceder á avaliación da nosa propia práctica docente, cabe interrogarse sobre varios aspectos a ter en conta á hora de impartir clase. Dende esta perspectiva de autoavaliación, pensamos que os indicadores seguintes poden ser de utilidade para seren valorados e sacar conclusións de mellora en caso de valoración negativa dalgún dos puntos.

1- Motivación inicial dos alumnos

- A principios de curso dase a coñecer a programación aos alumnos: obxectivos, metodoloxía, criterios de avaliación, etc...
- Preséntanse os obxectivos e propónse un plan de traballo, explicando a súa finalidade, antes de cada unidade.
- Distribúese o tempo adecuadamente.
- Adóptanse distintos agrupamentos en función do momento, da tarefa a realizar, dos recursos a utilizar... etc, controlando sempre que o clima de traballo sexa adecuado.
- Utilízanse recursos didácticos variados (audiovisuais, informáticos, técnicas de aprender a aprender...).

2- Instrucións, aclaracións e orientacións para as tarefas dos alumnos

- Danse instrucións precisas e claras antes de cada actividade.
- Comprobábase, de diferentes modos, que os alumnos comprenderan a tarefa que teñen que realizar: facendo preguntas, facendo que verbalicen o proceso, ...

- Facíltanse estratexias de aprendizaxe: cómo solicitar axuda, cómo buscar fontes de información, danse ánimos e asegúrase a participación de todos....
- Contrólase frecuentemente o traballo dos alumnos: preguntas adicionais, controis orais, repasos,...

3- Clima na aula

- As relacións que establece o profesor cos alumnos dentro da aula, as que eles establecen co profesor e as que os alumnos establecen entre sí son correctas, fluidas e non discriminatorias.
- Establécense normas de convivencia e reaccionase de forma ecuánime ante situacións conflictivas.
- Foméntase o respecto e a colaboración entre os alumnos.
- Proporcionáanse situacións que facilitan aos alumnos o desenvolvemento da afectividade como parte da súa educación integral.

4- Seguimento/ control do proceso de ensino-aprendizaxe

- Revísanse e corríxense frecuentemente os contidos, as actividades propostas dentro e fora da aula, a adecuación dos tempos e os materiais utilizados.
- Proporcionábase información ao alumno sobre a execución das tarefas, cómo pode melloralas e favorécense procesos de autoavaliación.
- En caso de obxectivos insuficientemente alcanzados, propóñense novas actividades que faciliten a súa adquisición.
- En caso de obxectivos suficientemente alcanzados en corto espacio de tempo, propóñense novas actividades que faciliten un maior grado de adquisición
- A programación coincide co que se fai na clase.
- A temporalización dos contidos coincide coa programación. Diversidade
- Tense en conta o nivel de habilidades dos alumnos, os seus ritmos de aprendizaxe, as posibilidades de atención, e, en función deles, adáptanse os distintos momentos do proceso de ensino-aprendizaxe (motivación, contidos, actividades...)
- O profesorado do Seminario coordínase para modificar e/ou adaptar contidos, actividades, metodoloxía e recursos aos diferentes ritmos e posibilidades de aprendizaxe.

5 - Avaliación

- Tense en conta o procedemento xeral, que cada profesor/a concreta na súa programación de aula, para a avaliación das aprendizaxes de acordo co proxecto didáctico do departamento.
- Realízase unha avaliación inicial a principio de curso para axustar a programación, na que se ten en conta a información do profesor que impartiu clase a eses alumnos o ano anterior.

- Utilízanse sistemáticamente procedementos e instrumentos variados de recollida de información (diario de clase, rexistro de observacións, ficha de seguemento.)
- Utilízanse suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos.
- Aplícanse criterios de avaliación e de cualificación (ponderación do valor de cada unha das probas, ...) de acordo coa programación do departamento.
- Corrixese e explícase habitual e sistemáticamente os traballos e as actividades dos alumnos e danse pautas para a mellora da súa aprendizaxe.

Asdo. : PATRICIA CARIDE RIVAS , Xefa de Departamento de Francés.

Vigo , 20 de setembro 2022

